XUNTA DE GALICIA
Colexio Público de Infantil e Primaria
"HUMBERTO JUANES"
Rúa Curros Enríquez, nº 2 (Vilamean)
36350 Nigrán
886110378 -- 886110379
E-MAIL ceip.humberto.juanes@edu.xunta.es
WEB http://www.edu.xunta.es/centros/ceiphumbertojuanes

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## MATERIA:

## INGLÉS

## CURSO: 2º PRIMARIA

## ANO ACADÉMICO: 2020/2021

ÍNDICE


1. CONTEXTO …… 1
   1.1 Centro …… 1
   1.2 Alumnado …… 2
   1.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado …… 2
2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN …… 3
   2.1 Plan de reforzo e recuperación da materia do curso 19/20 …… 3
   2.2 Secuenciación da materia do curso 4º de ep…… 4
   2.3. Materiais de referencia para todas as unidades. …… 19
3. METODOLOXÍA PRESENCIAL …… 20
   3.1 Aspectos xerais …… 20
   3.2 Estratexias metodolóxicas …… 20
   3.3 Exemplo de Secuenciación …… 21
4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL …… 22
5. AVALIACIÓN …… 23
   5.1 Avaliación inicial …… 23
   5.1 Avaliación contínua …… 24
   5.2 Criterios de avaliación …… 25
   5.3 Criterios de promoción do alumnado …… 32
6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE …… 33
7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE …… 36
   7.1 Indicadores de logro do proceso de ensino …… 36
   7.2 Indicadores de logro da práctica docente …… 36
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA …… 37
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE …… 38
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS …… 39

## 1. CONTEXTO

1.1. CENTRO:

**Situación:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

**Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

**Ensinanzas que oferta:**

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Eduacación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católotica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

**Características singulares:**

**Progaramas nos que participamos:**

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plástica en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Titoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

1.2 ALUMNADO

| **Poboación inmigrante:**<br>Non hai poboación inmigrante neste nivel<br><br>**Alumnado con NEAE no curso actual:**<br>Hai alumnado neste curso que necesitarán adaptacións non curriculares na materia por casos de dificultades de aprendizaxe ou hiperactividade.<br><br>Outras características: |
|---|

1.3 OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO
A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 2.1. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

*ESTÁNDARES NON TRABALLADOS / ACADADOS NO CURSO ANTERIOR*:

PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.

PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran.

PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontáneamente.

PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.

PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura

PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.

PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That’s right).

PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.

PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado.

**PLAN DE REFORZO:**

Estes estádares serán traballados ao longo do ano. Os referentes á escrita serán traballados no terceiro trimestre e incluídos cos obxectivos do segundo curso.

Tódolos demáis estándares estarán globalizados durante as diferentes leccións. Empregarase a aula virtual e o blog da materia de inglés para fomentar as competencias dixitais.

Faráse fincapé no aspecto de cohesión de grupo e traballo en equipo para conseguir o que non se pudo traballar durante o estado de alarma.

## 2.2. SECUENCIACIÓN DA MATERIA DO CURSO 2º DE EP:

Debido a que estamos falando da aprendizaxe dunha lingua os bloques son traballados simultáneamente en todas as leccións, aínda que non avaliados en todas. Pódese ver no apartado de avaliación os estándares que se avaliarán en cada trimestre.

Neste curso, 2º de primaria, o bloque de expresión escrita introducirase lentamente no 2º trimestre no referente a textos e no 3º trimestre no referente aos diálogos.

Na seguinte táboa pódese ver o tema que se traballará en cada lección e que aspectos do bloque 5 se van traballar máis específicamente, xa que os bloques 1, 2, 3 e 4 traballaranse en cada unidade.

<table>
<tr><th rowspan="3">UD<br>TEMA<br>PROXECTO</th><th colspan="2" rowspan="2">CONTIDO</th><th rowspan="2">Material de referencia específico</th><th colspan="2">Temporalización</th></tr>
<tr><th>Trimestre</th><th>Mes/ Número de sesións</th></tr>
<tr><td colspan="2">BLOQUE 5 *</td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="2">THE SCHOOL</td><td>▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</td><td>– Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</td><td></td><td rowspan="2">1º TRIMESTRE</td><td>Set- 19 de outubro<br><br>15 sesións</td></tr>
<tr><td>▪ B5.2. Funcións comunicativas:</td><td>– Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana,o tempo atmosférico etc.<br>– Realización de preguntas e</td><td></td><td></td></tr>
</table>

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.<br>− Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>− Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.<br>− Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>− Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade. | | | |
| | ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: | − Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, I´m (hungry)).<br>− Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s, What month are you in?, I´m in).<br>− Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to).<br>− Expresión de posesión en primeira persoa (I´ve got,) e resposta afirmativa e negativa | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | (Have you got?, Yes, I have/No, I haven´t).<br>– Expresión de cantidade: contar ata 30.<br>– Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What´s this?, It´s…),<br>– Identificación das pezas de roupa (I´m wearing).<br>– Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I…?).<br>– Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I´m not). | | | |
| | ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA | – - Identificación do vocabulario do material escolar, obxectos dentro da aula.<br>– Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 30, materiais escolares, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, materiais. | | | |
| MY FAMILY | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: | – Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de | | | 19 Out- nov-18 decembro<br><br>21 sesións |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | | | |
| | ▪ B5.2. Funcións comunicativas: | – Identificación dos membros da familia próximos.<br>– Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.<br>– Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.<br>– Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana,o tempo atmosférico etc.<br>– Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>– Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade. | | | |
| | ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: | – Expresión de posesión en primeira persoa (I´ve got) e a súa negativa. Preguntar a un terceiro.<br>– Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | elementos próximos (What´s this?, It´s…), membros da familia (Who´s this ?, This is my (brother).<br>– | | | |
| | ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA | – - Identificación do vocabulario da familia e da casa.<br>– Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, membros da familia, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana. | | | |
| MY CLOTHES AND THE WEATHER | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: | – Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | | 2º TRIMESTRE | 11 Xaneiro-12 febreiro<br><br>15 sesións |
| | ▪ B5.2. Funcións comunicativas: | – Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | despedirse, dirixirse aos demais.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, e o tempo atmosférico etc.<br>– Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.<br>– Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.<br>– Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>– Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade. | | | |
| | ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>▪ | – Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, I´m (hungry)).<br>– Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s…<br>– Identificación das pezas de | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | roupa (I´m wearing).<br>– Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I´ve got, He/She´s got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven´t, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn´t).<br>– Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many… are there?.<br>– Cantidade ata 50. | | | |
| | ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA | - Identificación do vocabulario de: roupa, tempo atmosférico, días da semana.<br>- Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, , estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana. | | | |
| ANIMALS IN THE FARM | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: | – Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que | | | 22 febreiro-25 marzo<br><br>15 sesións |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | | | |
| | ▪ B5.2. Funcións comunicativas:<br>▪ | − Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna.<br>− Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>− Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>− Identificación e seguimento de instrucións.<br>− Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.<br>− Expresión do que lle gusta e non lle gusta.<br>− Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.<br>− Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.<br>− Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>− Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade. | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>▪ | – Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, I´m (hungry)).<br>– Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many… are there?.<br>– Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I´ve got, He/She´s got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven´t, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn´t).<br>– Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to).<br>– | | | |
| | ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA | – Identificación do vocabulario de: Cores, animais do entorno, accións<br>– Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, accións. | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| MY HOBBIES | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: | − Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>− Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>− Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>− Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | | 3º TRIMESTRE | 6 de abril-7 maio<br><br>15 sesións |
| | ▪ B5.2. Funcións comunicativas:<br>▪ | − Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>− Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>− Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana e o tempo atmosférico etc.<br>− Expresión do que lle gusta e non lle gusta.<br>− Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa. | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>▪ | – Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like +hobby, I don't like +hobby<br>- Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can´t).<br>– Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, I´m (hungry)).<br>– Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico<br>- Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I…?).<br>- Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I´m not). | | | |
| | ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA | – Identificación do vocabulario dos deportes/hobbies.<br>– Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 100, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, accións. | | | |
| FOOD. At the shop. | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: | – Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Recoñecemento e uso das | | | 10 de maio-14 xuño<br><br>15 sesións |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | fórmulas básicas da relación social e cortesía.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | | | |
| | ▪ B5.2. Funcións comunicativas:<br>▪ | – Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana e o tempo atmosférico etc.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.<br>– Identificación e seguimento de instrucións.<br>– Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.<br>– Expresión do que lle gusta e non lle gusta.<br>– Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.<br>– Formulación de preguntas e respostas en relación á | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | cantidade.<br>– | | | |
| | ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>▪ | – Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like +food, I don't like +food<br>– Expresión de petición 'Can I have a..?' +food<br>– Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor  favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite food?, I´m (hungry)).<br>– Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico<br>- Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I´m not). | | | |
| | ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA | – Identificación do vocabulario da comida: fruit, fish, meat, dairy.<br>– Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 100, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, accións. | | | |

## 2.3. MATERIAIS DE REFERENCIA PARA TODAS AS UNIDADES:

Non temos un libro de texto de referencia, polo que cada unidade é elaborado con distintos recursos tanto físicos como dixitais. O alumnado segue a materia a través do blog que creamos o profesorado de inglés do centro (http://englishclubhj.blogspot.com/) e da aula virtual.

- Blog de aula con enlaces a recursos dixitais: cancións, historias, imaxes, xogos
  - Páxinas de referencia para as destrezas orais (historias, cancións, vocabulario): Supersimple songs, the singing walrus, WOW English TV, youtube, english sing sing
  - Páxinas de refencia para destrezas orais e escritas: Liveworksheets, learning apps, twinkl, sparkle box, ISLcollective, video lessons..
- Storybooks. Libros ingleses para nenos: the gruffalo, libros do autor Eric Carle, Oliver Jeffers, etc…
- Enlaces dixitais ou interactivos a materiais de diferentes editoriais.
- Programación de aula
- Material de elaboración propio (xogos e fichas)

## 3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

3.1. Aspectos xerais:

O profesorado definitivo de lingua estranxeira ten unha liña de traballo único e similar na aprendizaxe da lingua inglesa dende 1º de EI ata 6º de EP.

Estas son as razóns que nos levan a plantexarnos a ensinanza do inglés deste xeito:

- A necesidade de cambio que reclama sociedade e que é imprescindible para conectar co alumnado.
- Poñer en práctica novos coñecementos do profesorado que se van acadando coa súa formación permanente.
- Darlle máis autonomía ao alumnado na súa aprendizaxe.
- Falta de motivación do alumnado de cara ao proceso de aprendizaxe.
- Integrar as novas tecnoloxías na aula.

O NOSO PRINCIPAL OBXECTIVO:

- Interese por usar o inglés en situacións diversas e confianza na propia capacidade para realizar e comprender produccións orais e escritas sinxelas en contextos coñecidos.

3.2. Estratexias metodolóxicas:

**A MOTIVACIÓN**:A motivación é un factor clave que debe estar sempre presente no proceso de aprendizaxe e non debe ser entendida como unha técnica ou método de ensinanza. Mediante a motivación entra en xogo o concepto que cada alumno ten de si mesmo. Este autoconcepto é o resultado de analizar, valorar e integrar toda a información lograda das vivencias propias e da opinión de outros, como amigos, familia e docentes.

Esperamos que a elaboración significativa das tarefas escolares na aula de inglés xeneren motivación intrínseca, ao contrario das tarefas rutinarias, memorísticas, repetitivas e descontextualizadas.

**O ROL DO PROFESORADO**: O profesorado debe facer todo o posible para axudar ao alumnado e despertar a súa curiosidade. Se o profesorado está motivado, o alumnado tamén o estará. O profesorado de Inglés do CEIP Humberto Juanes traballará en equipo e dentro dos diferentes "clubs" das aulas será un profesor-guía, realizando tarefas de acompañamento e motivando ao alumnado na consecución dos obxectivos plantexados.

**O XOGO COMO ESENCIA DOS "CLUBS":** O xogo está na base, na esencia dos "clubs". O xogo con intencionalidade educativa serve para disfrutar, experimentar, madurar interiorizando e exteriorizando vivencias. A necesidade creada a través do xogo é a que move ao alumnado a aprender. O xogo debe conectar coas intereses e motivacións propias da idade do alumnado. NON debe ser un xogo competitivo, se non que só debe supoñer un esforzo para superar retos.

**UN 'PARA QUE': TAREFAS:** Tódolos "clubs" teñen un para que en se mesmos ou en saída ao 'exterior' (a través da radio, dos boletíns que vaian creando, dos teatros, explicacións a outras clases, etc). Este 'para que' xenera auto esixencia, gañas de facelo ben e un ter en conta a quen vai dirixido o traballo. Conecta co 'agora', xa que non traballan para un futuro, se non para un aquí e agora onde o alumnado vive e aprende.

**O TRABALLO EN EQUIPO E COOPERATIVO:** Co traballo en equipo buscamos que cada un dos alumnos vexa que pode aportar moito á consecucións dos obxectivos. Ademáis, co traballo en equipo búscase tamén que o alumnado teña empatía cos demáis compañeiros, sendo capaces de axudar, ponerse en lugar dos demáis, ser conscientes dos diferentes ritmos de aprendizaxe, liderar diferentes actividades e sobre todo darse conta de que todos temos algo que nos pode sair ben. O feito de ir rotando por diferentes "clubs" fará que dentro do equipo se descubra quen é bo coas TICs, quen é bo facendo teatros, elaborando historias, etc.

**IMPORTANCIA DA AUTOAVALIACIÓN:** Cada alumno será consciente do que vai aprendendo.

3.3 Exemplo de secuenciación de traballo na aula

- Dúas sesións xuntas de 50 minutos cada unha.
- Este curso 2020-2021 vémonos forzadas a cambiar a distribución dos tempos por mor das medidas COVID. Xuntamos as dúas sesión buscando un menor risco para o alumnado e profesorado, estando en contacto, polo tanto, só unha vez por semana.

A Distribución das sesións están organizadas do seguinte xeito:

**1ª parte da sesión: Traballo en gran grupo**

**15 minutos** de "warm up" de traballo colectivo: data, tempo atmosférico e estacións do ano, roupa, preguntas de información persoal.

**25 minutos seguintes:**

Traballo colectivo programado para esa sesión, introducindo novo vocabulário ou repasando o xá visto, dependendo da unidade didáctica.

Posibles actividades: Cancións, rimas, xogos en grupo, historias, contos, pequenos diálogos, …

**Seguintes minutos: Traballo en equipos.**

Afianzar o visto anteriormente en traballo individual e en pequenos grupos en diferentes recunchos. As primeiras semanas do curso serán de adaptación a nova situación COVID, avaliando riscos e avaliando os coñecementos do alumnado. Non se empezarán cos clubes ata a segunda lección.

GAMES CLUB: Traballo oral con xogos (bingo, dominó, memory, snap, quen é quen, ….)

MINI BOOK CLUB: Completar un mini libro de vocabulario da lección.

PICTURE CLUB: Traballo de iniciación á lectoescritura en inglés a través de debuxos e palabras e textos sinxelos. Fichas de unir imaxe e palabra, colorear por números, ditados de cores, repasar palabras, debuxar palabras, ordenar unha secuencia.

DIGITAL CLUB: Actividades en formato dixital: traballo na PDI, tablet, ordenador…

Todo o material que se proporciona ao alumno estará previamente desinfectado. Despois do seu uso, a maioría do material estará 7 días sen ser tocado por ningúen.

As unidades didácticas terán, polo xeral unha duración de 4 semanas, modificable segundo o requira o grupo ou a temática.

- Outras decisións metodolóxicas:

**Agrupamentos:**

O alumnado está organizado en grupos seguindo as estructuras do Traballo Cooperativo. É decir, en grupos de 3 ou 4 persoas, con distancia entre si para previr contaxios COVID.

**Tempos:**

Explicado na metodoloxía.

**Espazos:**

As clases impártense nas aulas de inglés, e este curso, debido ao COVID non se empregará outro espazo que non sexa este ou a propia aula do alumnado.

## 4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: A través da aula virtual do centro, na materia English Club 2º.

- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex, ou se hai co tempo, o propio programa da aula virtual.

- Plataforma/medio de comunicación coas familias: abalar móbil

- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade: A través da aula virtual se modificarán as actividades de ensino-aprendizaxe para adaptalas á plataforma. O alumnado estará familiarizado coas ferramentas dixitais durante o peiodo presencial.

- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade: O centro contempla dotar ao alumnado con equipos e/ou módem ao alumnado que non teña conectividade.

Teremos en conta a idade do alumnado no tocante á sobreexposición aos dispositivos electrónicos. Haberá videoconferencias en pequeño grupo, pero con tempos moi reducidos. A maior parte do traballo será autónoma e autoavaliable na medida do posible.

## 5. AVALIACIÓN

### 5.1. AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: Setembro. Tres primeiras semanas

Tipo de proba (descripción): Observación directa no traballo ao longo do mes, no que se fará un repaso do curso pasado, intentando recuperar aprendizaxes adquiridos.

Mecanismo para informar ás familias: No caso de observar un desfase curricular chamativo informarase ás familias nunha reunión-titoría telemática.

Consecuencias dos resultados das probas: Reprogramar a partires de outubro segundo as necesidades que se observen. Falar coas titorías e departamento de Orientación, personalizar materiais, facer adaptacións curriculares non significativas no caso de ser preciso.

5.2. AVALIACIÓN CONTINUA

**Periodicidade coa que se farán probas:**

Non se fará unha proba de examen como tal, a non ser que se vexa a necesidade nalgún momento puntual. Todas as tarefas, traballos, presentacións, actividades… que se fan na aula avaliarianse segundo a porcentaxe dos estándares de aprendizaxe que se reflicten neste documento.

Haberá unha avaliación continua pola parte do profesorado, e tamén unha sesión de avaliación grupal onde o alumnado se autoavaliará a el mesmo, fomentando ser conscientes da súa propia aprendizaxe.

O alumnado coñecerá previamente os obxectivos que se espera que acaden en cada unidade, facéndoos autónomos e responsables do seu traballo e a asúa aprendizaxe.

En cada sesión o alumnado deberá rematar a tarefa que lle corresponde en cada "club" para demostrar que os estándares que ahí se traballan están acadados.

**Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula :**

Seguindo os instrumentos de avaliación programados segundo a actividade ou tarefa.

**Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información:**

- Traballo en equipo e individual
- Respecto aos compañeiro e actitude
- Aproveitamento do tempo de traballo na aula

Estes aspecto recolleranse de maneira sistemática na aula no caderno do profesor, neste caso o caderno dixital Idoceo.

**Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións** (ponderación, redondeo...)

Poderación das porcentaxes dos estándares de aprendizaxe e redondeando a nota final do seguinte xeito:

0.00-0.50= Redondeo á Baixa.

0.50-0.99= Redondeo á alta sempre que se cumplan positivamente os tres apartados recollidos con anterioridade.

5.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA) **SEGUNDO CURSO** | BLOQUE | Peso (porcentaxe) | TEMPORALIZACIÓN | | | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1ª | 2ª | 3ª | | | |
| 1. PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | 30% | 5% | X | X | X | Lista de cotexo | • Sabe ordenar unha historia con apoios visuais. | CCL |
| 2. PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | | 10% | X | X | X | Rúbrica | • Comprende o 75% das palabras clave de cada unidade con apoio visual de imaxes | CCL |
| 3. PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | | 8% | X | X | X | Rúbrica | • Responde ás pregunta sobre si mesmo: What's your name? How old are you? What's your favourite…? | CCL CAA |
| 4. PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida | | 7% | | | X | Rúbrica | • Entende o vocabulario básico de aula: Sit | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…). | | | | | | | down/stand up/tidy up/line up | |
| 5. PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | 30% | 5% | | X | X | Rúbrica | • Entédese a mensaxe aínda que teño erros gramaticais nunha presentación na que sexa capaz de:<br>My name is…<br>I'm…<br>My favourite colour/animal/food …<br>Dicir cales son os membros da familia | CCL |
| 6. PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | | 5% | | X | X | Rúbrica | Pregunta e responde ás seguintes preguntas:<br>• What's your name?<br>• How old are you?<br>• What's your favourite…?<br>• Do you like? | CCL |
| 7. PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | | 10% | X | X | X | Rúbrica | • Non molesta aos compañeiros e compañeiras durante a clase.<br>• Respecta quendas palabra na aula<br>• Fai esforzos por entender actividades de escoita activa (audios, profesora e compañeiros) | CSC |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8. PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | | 5% | X | X | X | Lista de cotexo | • Amosa interés por interiorizar as canción.<br>• Reproduce cancións traballadas na aula con axuda | CCL<br>CSC |
| 9. PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | | 5% | X | X | X | Rúbrica | • Comportamento aceptable<br>• Non fai comentarios despectivos.<br>• Respecta a aprendizaxe dos compañeiros<br>• Participa activamente na aula | CSC |
| 10. PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | 5% | 2% | X | X | X | Rúbrica | • Identifica e relaciona co debuxo o 60% das palabras clave de cada unidade<br>• My name is…<br>• I'm … years old<br>• My favourite… | CCL |
| 11. PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | | 1% | | X | X | Lista de cotexo | • Identifica aos personaxes principais con apoio visual | CCL |
| 12. PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | | 1% | | | X | Lista de cotexo | Si/non | CCL<br>CAA |
| 13. PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de | | 1% | | | X | Rúbrica | • Le o 60% das palabras clave de cada unidade | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | | | | | | | •My name is…<br>•I'm … years old<br>• My favourite… | |
| 14. PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | 5% | 1% | X | X | X | Rúbrica | •Copia correctamente o 80% das palabras clave de cada unidade<br>•My name is…<br>•I'm … years old | CCL |
| 15. PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | | 1% | | | X | Rúbrica | •É capaz de escribir cambiando as palabras clave do modelo e con axuda visual | CCL |
| 16. PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | | 1% | | X | X | Lista de cotexo | •Modifica frases segundo un modelo con apoio visual | CCL<br>CAA |
| 17. PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | | 1% | X | | | Lista de cotexo | •Nome<br>•Apelido<br>•Idade<br>•Animal, cor e comida favorita. | CCL<br>CAA |
| 18. PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros | | 1% | | X | X | Lista de cotexo | •Revisa segundo o modelo para copiar | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | | | | | | | | |
| 19. PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | 30% | 1% | | X | X | Lista de cotexo | • Amosa unha actitude de respecto | CCL<br>CAA<br>CSC |
| 20. PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social. | | 1% | | X | X | Lista de cotexo | • Usa asiduamente please, thank you, you are welcome | CCL<br>CSC |
| 21. PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais | | 5% | X | X | X | Rúbrica | • What's your name?<br>• How old are you?<br>• What's your favourite…?<br>• Do you like? | CCL |
| 22. PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me…). | | 1% | X | | X | Escala de rango | Hello, goodbye<br>Please, thank you | CCL<br>CSC |
| 23. PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | | 1% | X | X | X | Rúbrica | Identifica, asocia e menciona o 70% das palabras clave de cada unidade/tarefa.<br>50% das frases | CCL |
| 24. PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos | | 1% | X | | X | Rúbrica | Usa asiduamente please, thank you, you are welcome | CSC |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | | | | | | | Amosa actitudes de respecto de cara aos compañeiros. | |
| 25. PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | | 1% | X | X | X | Lista de cotexo si/non | Diferencia “my” de “his/her” | CCL |
| 26. PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | | 1% | | | X | Lista de cotexo | • I like<br>• I don’t like | CCL |
| 27. PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | | 1% | | | X | Lista de cotexo | Si/non | CCL<br>CSC |
| 28. PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples. | | 3% | X | X | X | | •What’s your name?<br>•How are you?<br>•How old are you?<br>•What’s your favourite…?<br>•Do you like?<br>•Where’s…?<br>•Who is this?<br>•What colour is this?<br>•How many… are there? | CCL<br>CSC |
| 29. PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | | 1% | X | X | X | Lista de cotexo | É capaz de usar “classroom language” | CCL |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 30. PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións etc. | | 5% | X | X | X | Rúbrica | • Participa con respecto na aula<br>• Remata, ou o intenta, o traballo que se propón na aula | CSC |
| 31. PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…). | | 1% | X | X | X | Lista de cotexo | Expresa os seguintes estados de ánimo: Happy, sad, bored, tired, scared, sleepy, relaxed, angry | CCL |
| 32. PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | | 1% | X | X | X | Lista de cotexo | Si/non | CCL<br>CAA |
| 33. PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula | | 5% | X | X | X | Escala de Rango | Amosa interese e intenta comunicarse en inglés nas actividades que así o requiren. | CCL<br>CSC |
| 34. PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | | 1% | | | X | Lista de cotexo | Si/non | CCL |

5.4 Criterios de promoción do alumnado.

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

    - **CRITERIO NUMÉRICO:**
      Con 1 materia non superada: Promociona
      A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.

    - **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

| CRITERIO | Non promociona | | Promociona | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?* | | | | |
| 1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?* | | | | |
| 2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia…) vai favorecer que supere os estándares?n | | | | |
| 3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática? | | | | |
| | Promociona | | Non promociona | |
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento? | | | | |
| 5. Está integrado no seu grupo? | | | | |
| 6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel? | | | | |

*

Adecuación da estructura organizativa da aula.
Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación
Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación
Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)
Programa de reforzo
Programa de recuperación
Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordoco establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Cando un alumno ouunha alumna non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unhasoa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
4. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
5. O alumnado que promocione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

## 6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

| | |
|---|---|
| CCL | • PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.<br>• PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.<br>• PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.<br>• PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…).<br>• PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.<br>• PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). |

| | |
|---|---|
| | • PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.<br>• PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.<br>• PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.<br>• PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran.<br>• PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.<br>• PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.<br>• PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.<br>• PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.<br>• PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).<br>• PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.<br>• PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.<br>• PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.<br>• PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais<br>• PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me…).<br>• PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.<br>• PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.<br>• PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.<br>• PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.<br>• PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.<br>• PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades<br>• PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…).<br>• PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.<br>• PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula<br>• PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. |
| CAA | • PLEB1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das |

| | |
|---|---|
| | demais.<br>• PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran.<br>• PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.<br>• PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.<br>• PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).<br>• PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.<br>• PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. |
| CSC | • PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.<br>• PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.<br>• PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.<br>• PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente<br>• PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.<br>• PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me…).<br>• PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.<br>• PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.<br>• PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións etc.<br>• PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula |

**LENDA COMPETENCIAS:**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística. |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. |
| CAA | Competencia aprender a aprender. |
| CD | Competencia dixital. |
| CSC | Competencias sociais e cívicas. |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais. |

## 7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### 7.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7.Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8.Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

### 7.2. LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6.Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/ traballos, etc. | | | | |
| 12.Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15.Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc.están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

**8.** <u>AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</u>

- **Periodicidade coa que se revisará.**
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.**
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.**

Indicadores:

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1.Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2.Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4.Adecuación da secuenciacióndos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5.Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 10.Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11.Adecuacióndos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13.Adecuacióndo plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14.Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 16.Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17.Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 22.Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23.Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24.Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25.Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26.Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28.Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 30.Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

| **Medidas ordinarias** | |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.<br><br>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc: Non se contempla<br><br>b) Espazos diferenciados: Non se contempla<br><br>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.<br>• Diferentes tipos de apoio visual.<br>• Adapatación dos tipos de letra.<br>• Apoio audiovisual.<br>• Adaptación a lectura fácil.<br>• Presentación das tarefas por partes.<br><br>• Desdobramento de grupos: Non se contempla<br><br>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula: Non se contempla | • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.<br><br>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.<br><br>Adaptaranse tempos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou outras dificulatades (dislexia, TEA)<br><br>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.<br><br>Seguirase o plan de reforzo do alumnado que non superou a materia o curso pasado. |

| **Medidas extraordinarias: Non se contemplan neste curso** | |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |

| | |
|---|---|
| • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.<br><br>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).<br><br>• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).<br><br>• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. | • Adaptacións curriculares na materia.<br><br>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.<br><br>• Alumnado con flexibilización na escolarización.<br><br>• Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc. |

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades recollidas na PXA